



.....

**Ciclo Pensarmos: A contar mentiras**

# **Jaume Alonso- Cuevillas i Sayrol**

**Proceso xudicial, fake news e  
xuízos paralelos: unha visión  
dende Catalunya**

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
Xoves, 23 de setembro de 2021



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa.

A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo ficaron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes.

Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas. Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá.

Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas. Iniciado en 2019, o ciclo Pensarmos continúa no ano 2021 cada cuarto xoves de mes para ofrecernos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

# Programa

---

18:00 horas

## **Presentación**

**Carme Adán**, coordinadora da Sección de Pensamento do CCG

18:15 horas

*Proceso xudicial, fake news e xuízos paralelos: unha visión dende Catalunya*

**Jaume Alonso-Cuevillas i Sayrol** dialoga con **Xoán Antón Pérez Lema**

## **Jaume Alonso-Cuevillas i Sayrol**

É avogado en exercicio desde 1984. Catedrático de Dereito Procesal da Universitat de Barcelona. Entre os cargos exercidos ao longo da súa carreira atópanse os de decano do Il·lustre Col·legi d'Advocats de Barcelona (1997-2005), presidente do Consell de l'Advocacia Catalana (1999-2000), conselleiro e vicepresidente do Consejo General de la Abogacía Española (1997-2005), presidente da European Bars Federation (Federación Europea de Colexios de Avogados 2005-2007), membro do Consell de Justícia de Catalunya (2002-2004), académico electo da Reial Acadèmia de Doctors (2005), membro do Consell Rector de l'Observatori de Dret Privat de Catalunya e experto xurídico da Unión Europea (programa MEDA) en arbitraje internacional. Nas súas responsabilidades institucionais figuran as de deputado do Parlament de Catalunya. Junts per Catalunya (Lexislaturas XIII e XIV): presidente da Comisión de Acción Exterior, Transparencia e Cooperación, voceiro da Comisión de Interior, vicepresidente da Comisión de Xustiza. Ex deputado do Congreso dos Deputados. G.P. Plural (Lexislaturas XIII e XIV): Voceiro da

Comisión de Xustiza, voceiro da Comisión de Asuntos Exteriores, voceiro da Comisión de Economía e Empresa, voceiro da Comisión de Regulamento, adscrito á Comisión Constitucional, membro da Comisión do Estatuto dos Deputados. Autor de numerosas publicacións sobre temas de dereito procesal, dereito concursal e organización da xustiza, é colaborador habitual en diversos medios de comunicación, escritos e audiovisuais.

## **Xoán Antón Pérez Lema**

Avogado en exercicio dende 1990 e socio-director de Perez-Lema, Avogados e Consultores, S.L dende 2009. Foi profesor da Universidade de Vigo (2000-2001), da Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados (1995-1999) da Coruña e da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) a funcionarios de entidades locais (1999-2001). Licenciado en Dereito e letrado asesor de Empresas pola Universidade Pontificia Comillas de Madrid (UPC-ICADE), cursou estudos de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela. Foi secretario xeral de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Xunta de Galicia (2007-2009) e xefe do Gabinete do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta (1987-1990). Colabora como analista político en diversos medios de prensa (Radio Galega e TVG) e é secretario xeral da Asociación Galega de Consumidores e Usuarios. Membro da Sección de Pensamento do CCG; membro colaborador do Instituto Cornide de Estudos Coruñeses e secretario xeral do Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEIA).

**Organiza**

Sección de Pensamento (CCG)  
Consello da Cultura Galega

**Coordina**

Carme Adán Villamarín

**Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

**Inscrición**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado.  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

**Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

**Organiza:**

